

EDUCACIÓN DE ADULTOS NUNHA SOCIEDADE EN TRANSFORMACIÓN

Agustín Requejo Osorio

Angel González Fernández

José Ramón Lete Lasa

EDITA:
CONSELLERIA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Política Lingüística

I.S.B.N.: 84 - 453 - 1191 - 3

D.LEGAL: PO - 417 / 94

IMPRIME:
GRAFICAS DUHER, S. L.
Rua Villaverde, 7 · Teléf. (986) 84 47 31 · PONTEVEDRA

I.- INTRODUCCIÓN

PRESENTACIÓN

O Consello Escolar de Galicia organizaba en Santiago de Compostela o Primeiro Congreso Internacional de Educación de Adultos (15-17 de Abril de 1993).

O motivo de tal evento tiña unha doble xustificación; a primeira de carácter más inmediato: O Parlamento de Galicia aprobaba a Lei 9/1992 do 24 de xullo de **"Educación e promoción de Adultos"** (Diario Oficial de Galicia, 6 de Agosto). Deste xeito Galicia conta, dende entón, cunha lei propia no ámbito específico da Educación de Adultos, xunto con Andalucía (1990) e Cataluña (1991). Era, polo tanto necesario, aportar un estudio e reflexión sobre o "Presente e Futuro da Educación de Adultos nunha sociedade en transformación", lema do propio Congreso.

A Segunda xustificación era de carácter más solidario. En efecto, ese mesmo ano en A Toxa (Pontevedra), organizadas polo Consello Escolar de Galicia, celebráronse as IV Xornadas de Consellos Escolares de Comunidades Autónomas e do Estado (2-3 de Xuño). Tres foron os temas básicos de estudio: Dirección de Centros Escolares, Consellos Escolares de Centros e Educación de Adultos. O encontro propiciaba así a posibilidade de debatir a Educación de Adultos dende situacions e experiencias más amplas.

Agora o Consello Escolar ten a ben publicar os traballos do Congreso. Considera en efecto que un evento desta categoría non debe quedar nas carpetas dos asistentes. Debe chegar a toda a sociedade e ós amplos colectivos que traballan na Educación de Adultos. Con este motivo organízase este libro nos diferentes apartados que constituiron o desenvolvemento do propio Congreso: Ponencias e Conferencias; Mesas Redondas e Comunicacóns presentadas.

Este conxunto de páxinas, dende esta estructura, permite ter unha visión ampla da realidade e prospectiva da Educación de Adultos. Unha visión que se abre tanto á nosa realidade inmediata como ó contexto europeo, ás aportacións doutras autonomías e ainda á propia acción e experiencia de moitos educadores de adultos galegos que estimaron conveniente aportar unha reflexión específica dende o seu ámbito de traballo.

Con esta obra o Consello Escolar, en colaboración coa Dirección Xeral de Política Lingüística, inicia unha colección de publicacións que terá precisamente como obxeto divulgar os estudos, debates e encontros relacionados coa nosa realidade educativa.

Angel González Fernández
(Vicepresidente do Consello Escolar de Galicia)

José Ramón Lete Lasa
(Secretario do Consello Escolar de Galicia)

Excmo. Sr. CONSELLEIRO DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Excmo. Sr. SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA
CONSELLERIA DE EDUCACIÓN

Ilmo. Sr. VICERRECTOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA
DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Estimados membros do Consello Escolar de Galicia, profesores e profesoras, educadores de adultos de Galicia, así como colaboradores e colaboradoras do Comité Técnico deste Primeiro Congreso Internacional de Educación de Adultos en Galicia.

Baixo o lema "Presente e Futuro da Educación de Adultos nunha sociedade en transformación" iniciamos hoxe este Congreso.

Vaise cumplir un ano da aprobación por parte do Parlamento Galego da "Lei de Educación e Promoción de Adultos" (Lei 9/1992, do 24 de Xullo). Recentemente o Diario Oficial de Galicia (4 de Febreiro do 1993) publicaba o Decreto sobre "estructura, organización e funcionamento do Consello Galego de Educación e Promoción de Adultos".

Por aquellas datas a Comisión Permanente do Consello Escolar de Galicia consideraba necesario non só dedicarse a estudiar e dictamina-los anteproxectos de lei que chegan ó Consello Escolar senón tamén implicarse como órgano de consulta e participación nas liñas específicas da política educativa en Galicia.

A aprobación da Lei de Educación de Adultos, a actualidade, a complexidade e mailo reto que ofrece a Educación de Adultos pareceunos un tema interesante para presentalo, non só no contexto das IV Xornadas de Consellos Escolares do Estado a celebrar en Galicia en datas próximas, senón tamén para ofrecelo como unha ocasión de estudio e debate por parte de tódolos sectores implicados neste, cada vez máis importante, sector da Educación.

De aí naceu o interese e mailo esforzo por poñer en marcha este Congreso.

*Cando dende a Comisión Permanente do Consello Escolar, a través de encontros con diversos profesores de Educación de Adultos en Galicia, pensamos neste congreso, consideramos **tres obxetivos básicos**:*

En primeiro lugar realizar unha análise da situación dos adultos en Galicia e, ó mesmo tempo, tratar do que debe se-la prospectiva e transformación da Educación na nosa Autonomía. A Lei da Educación da Adultos podería ser un referente normativo importante, se ben non o único.

A política educativa asume unha dobre vertente. O que poderíamos chamar o ámbito das proclamacións e o que sería o ámbito da acción. Pertencen ó primeiro as decisións lexislativas como criterios e orientacións que deben inspira-los fins, a organización e estructura do sistema educativo en xeral, ou un sector del. Están máis relacionados coa segunda - coa acción - os programas, as experiencias que se poñen en marcha, as iniciativas de cambio e innovación que realizan os diversos axentes educativos.

Todos sabemos que os cambios educativos non se producen de forma espontánea. Son producto, non só de "resolucións parlamentarias" ou "ministeriais", senón, e sobre todo, dun contexto social que vai xerando e promovendo cambios cando problematiza e trata de dar solucións ós asuntos cos que se atopa.

Por iso pareceu necesario ofrecer este Congreso como foro de discusión a tódalas persoas que dende a súa experiencia, acción reflexión, etc..., se preocupan pola Educación de Adultos con vistas a ofrecer alternativas de mellora e transformación. De aí ese espacio reservado para experiencias, grupos de traballo, comunicacións etc... onde poder encontrarse e presenta-lo que, dende diferentes eidos, programas e iniciativas, estase a facer nestes momentos en Galicia.

Tal vez o apuro de tempo e os momentos e circunstancias do curso foron un pequeno atranco para presentar más cousas por escrito. En todo caso sempre, no intercambio e no debate, haberá ocasión para engadir máis referencias e intercambiar proxectos.

En segundo lugar pretendemos con este Congreso tomar en consideración outras perspectivas que nos abrisen a outros horizontes e outras visións da educación de adultos e outorgasen este carácter internacional que desexamos.

Xurdiron así os contactos coa Asociación Europea de Educación de Adultos e co seu Presidente, o italiano Paolo Federighi. O seu desejo era o de estar hoxe aquí con nós. A convocatoria anual da Asociación que se celebra en Estonia, con vistas a ocuparse dos "novos países do leste", fixeron imposible a súa presencia. Nembargantes o interese da Asociación Europea fixo todo o posible para que alguém do seu Comité estivese canda nós. Por iso a súa ponencia será presentada pola profesora holandesa JOKE JANSEN, á que agradecemos a amabilidade de estar con nós estes días e presenta-la perspectiva e proxectos da Asociación Europea de Educación de Adultos.

Ó mesmo tempo estase levando a cabo en Europa un proxecto de estudio sobre o proceso de formación de adultos, un estudio prospectivo que dirixe o profesor Walter Leirman. O seu interese pola educación de adultos en España vén de lonxe, intervindo en múltiples cursos. O profesor Leirman recibiu, tamén, o ano pasado a unha persoa da nosa Comunidade, financiada pola Xunta de Galicia para facer un estudio comparado entre a educación de adultos en Galicia e Bélgica.

Esta mirada europea non deberá, como **terceiro obxectivo**, deixar na penumbra outros temas importantes da educación de adultos, como a propia política e lexislación comparada, os problemas do analfabetismo funcional ou o tema, máis preocupante, da formación profesional e ocupacional, xusto neste momento no que vivimos unha situación de "paro estructural" que alcanza o 20% da poboación activa. O denominado "paro estructural" afecta hoxe de forma más preocupante a determinados sectores da poboación: xoves e mulleres en xeral, principalmente con baixa cualificación, pero tamén a adultos que, por circunstancias de reconversión ou reestructuración laboral, perderon o seu posto de traballo e teñen moitas dificultades para atopar un novo emprego, condicionados pola idade, a capacidade e mailo nivel de formación.

Xunto con esta exposición dalgúns temas importantes -imposible, neste breve espacio de tempo, poder presenta-la ampla problemática da educación de adultos- non podían faltar neste Congreso uns espacios para o debate desde situacóns administrativamente plurais no contexto do marco autonómico como no contexto de funcións e experiencias. De aí o interese en facer das dúas Mesas Redondas unha ocasión para coñece-la perspectiva máis social e laboral.

É evidente que a un Congreso non o dinamiza soamente un programa, uns espacios de tempo, a exposición ou o debate de temas diversos, senón e sobre todo, o interese das persoas, a súa participación, a súa creatividade, o seu traballo en grupos, a súa iniciativa para propoñer, no curso destes días, ideas, conclusóns, propostas de acción. De aí o interese do Consello Escolar para que a Administración Educativa facilitase a todos os interesados a súa asistencia, cando todos sabemos por experiencia que poucas son as actividades de formación que se celebran no eido da Educación de Adultos.

Todo este esforzo, este encontro plural, non sería posible sen a vosa masiva asistencia, en primeiro lugar. En segundo lugar, sen o apoio administrativo xerado desde a propia Consellería de Educación e a súa Dirección de Educación Básica e, finalmente, sen unha serie de persoas que, desde o Departamento de Teoría da Historia, asumiron o traballo e a responsabilidade técnica deste compromiso, mesmo en época de vacacións.

Desde esta triple contribución, e co esforzo que todos, esperamos que este Congreso teña o traballo e, polo tanto, o éxito que todos desexamos. En todo caso, sempre será un bo encontro para os que traballamos nos diferentes sectores da educación de adultos e que temos poucas oportunidades para encontrarnos e intercambiar e debate-los nosos temas e preocupacións.

Como di Paulo Freire, ese histórico e animoso educador de adultos na súa obra: La Educación como práctica para la Libertad: "La Educación es un acto de amor, por tanto, un acto de valor. No se puede temer el debate, el análisis de la realidad; no se puede huir de la discusión creada, bajo pena de ser una farsa".

Un Congreso, no fondo e usando a terminoloxía freiriana, é para "deletrear" moitas cousas e moitas preocupacións, moitas propostas e, retomando os versos de Thiago de Mello, prólogo da súa obra:

- descubrir que todos os fonemas, as palabras
sáo mágicos sinais que váo se abrindo
constelacáo de girasois girando
em círculos de amor e de repente
estalam como flor no cháo de casa.
Ás veces nem há casa: é só cháo.
Mas sobre o cháo quem reina e labora é un homem
diferente que acaba de nacer.

*A este Congreso no que todos esperamos dialogar e reconstruí-la nosa
realidade socioeducativa, a nosa experiencia, revisar e expoñela nosa
contribución á educación das persoas adultas: BENVIDOS.*

Agustín Requejo Osorio
Santiago de Compostela
15 de Abril de 1.993